

Accidente Isquémico Transitorio

Un accidente isquémico transitorio é unha falta de rega que afecta de forma temporal a unha parte do cerebro. Dura menos de 24 horas e habitualmente non produce dano cerebral.

Que é...?

Un accidente isquémico transitorio é unha falta de rega que afecta de forma temporal a unha parte do cerebro. Dura menos de 24 horas e habitualmente non produce dano cerebral.

Os síntomas preséntanse bruscamente e son os mesmos que os síntomas dun derrame cerebral, a diferenza é que no accidente isquémico transitorio duran menos de 24 horas. Os síntomas máis frecuentes son:

- Debilidade ou adormecemento dunha ou das dúas mans, brazos, pernas, lingua, fazulas ou toda a cara,
- Dificultade para falar
- Dificultade para ver cun ou os dous ollos

Prodúcese polo peche dunha arteria do cerebro por un coágulo de sangue. Este coágulo disólvese ou rompe e avanza cara a arterias máis pequenas. En ocasións, unha elevación importante da presión arterial tamén pode ter o mesmo resultado.

Unha persoa que sufriu un accidente isquémico transitorio ten risco de sufrir un accidente cerebro vascular con dano cerebral establecido, o que ocorre con relativa frecuencia nun período curto de tempo. Por isto é importante consultar canto antes se notas algún deses síntomas.

Como se diagnostica?

Se presentas algún destes síntomas de forma brusca, o teu médico sospeitará que poidas ter un accidente isquémico transitorio:

- Debilidade ou adormecemento na cara ou os brazos
- Dificultade para falar
- Dificultade para ver por un ou os dous ollos

• A información contida nesta páxina foi elaborada ou seleccionada e revisada por profesionais do Servizo Galego de Saúde e as súas recomendacións non substitúen ao consello médico.

• Esta obra está baixo dunha Licencia Creative Commons Atribución-CompartirIgual 3.0 Unported

Ante esta sospeita diagnóstica é probable que che recomende ingresar nun hospital ou realizar estudos ambulatorios con prontitude. Unha ou outra opción será elixida dependendo do risco de sufrir un accidente cerebrovascular establecido. Esta posibilidade será maior cuantos máis factores de risco existan, entre eles destacan:

- Idade (60 anos)
- Presión arterial elevada tras o accidente isquémico transitorio (Sistólica 140 mmHg ou diastólica 90 mm Hg)
- Duración dos síntomas do accidente isquémico transitorio, especialmente se dura máis de 60 minutos.
- Diabete

Os estudos rutineiros para completar o diagnóstico son estudos básicos de laboratorio, un electrocardiograma, probas de imaxe cerebral (normalmente nas primeiras 24 horas) e probas de imaxe neurovascular. As probas de laboratorio son útiles para descartar problemas metabólicos ou sanguíneos como unha baixada de glicosa (hipoglicemia) ou de sodio (hiponatremia), etc.

Como se trata?

O tratamento dun accidente isquémico transitorio vai dirixido a reducir o risco dun derrame cerebral establecido.

En ocasións está indicado limpar as arterias obstruídas mediante cirurxía. Noutras tomar algúns medicamentos para baixar a presión arterial ou o colesterol ou para previr a formación de coágulos de sangue (aspirina, acenocumarol ou outros anticoagulantes de nova xeración).

Outras medidas útiles na maioría de pacientes son similares ás indicadas nos accidentes cerebrovasculares establecidos:

- Toma unha dieta sa: Aumenta a cantidade de vexetais, froita e peixe. Reduce ao mínimo as comidas con graxas saturadas (graxas animais, queixo, leite enteiro) e o sal. Evita o alcohol.
- Mantente activo e fai exercicio físico regularmente. Ten moitas vantaxes, ademais de diminuír o teu risco cerebrovascular. Pide consello ao teu médico sobre os exercicios máis convenientes. Andar unha hora cada día sen fatigarse é o máis sinxelo. Media hora é o mínimo.
- Controla o teu colesterol coa frecuencia que che indique o teu médico. Se non o tes elevado, non abuses das graxas e segue unha dieta sa. Se tes

• A información contida nesta páxina foi elaborada ou seleccionada e revisada por profesionais do Servizo Galego de Saúde e as súas recomendacións non substitúen ao consello médico.

• Esta obra está baixo dunha Licencia Creative Commons Atribución-CompartirIgual 3.0 Unported

hipercolesterolemia (colesterol elevado) debes seguir unha dieta baixa en graxas saturadas e tomar máis verduras. Se tomas pastillas para baixalo e déixalas pola túa conta, o colesterol subirá de novo. Non deixes de acudir ás consultas nin abandones o tratamento.

- Se fumas debes deixalo. Aínda que pareza difícil, é posible. Se tes dificultades para facelo por ti mesmo, pide axuda ao teu médico.
- Vixía a túa presión arterial coa frecuencia que che indique o teu médico, habitualmente cada 2-4 anos. Se non tes hipertensión arterial, non abuses do sal nin das graxas. Se tes hipertensión arterial necesitas consultas máis frecuentes, e axudaranche a controlala unha dieta baixa en sal (sodio) e se é preciso con medicamentos. Non deixes de acudir ás consultas nin abandones o tratamento. Se tomas pastillas e déixalas pola túa conta, a tensión arterial probablemente subirá de novo.
- Se tes sobrepeso ou obesidade, cunha dieta sa e baixa en calorías podes normalizar o teu peso. Tamén podes pedir consello e axuda se tes dúbidas ou dificultades para conseguilo ou para manterte.
- Se tes diabete tes máis posibilidades de sufrir un accidente isquémico transitorio. O seu bo control inflúe positivamente nas posibilidades de sufrir un novo evento cardiovascular.

Para saber máis...

- American Heart Association/American Stroke Association Stroke Council. Definition and evaluation of transient ischemic attack: a scientific statement for healthcare professionals. Stroke. 2009 Jun;40(6):2276-93

Autor/es

- Arturo Louro González / Organización: SERGAS (Servizo Galego de Saúde)

Data de actualización

29/07/2013

-
- A información contida nesta páxina foi elaborada ou seleccionada e revisada por profesionais do Servizo Galego de Saúde e as súas recomendacións non substitúen ao consello médico.
 - Esta obra está baixo dunha Licencia Creative Commons Atribución-CompartirIgual 3.0 Unported